

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/12/2018 13:25:59

**SAIDA 15648/18**

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio  
Ambiente, Territorio e Vivenda

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 0111/2018

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 28 de setembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 28 de setembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 27 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se lle concede acceso á información sobre as axudas concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao amparo da Orde de 25 de abril de 2018 para a creación ou mellora de infraestruturas (código de procedemento MT300A). (actual Consellería de Territorio, Medio Ambiente e Vivenda) referente aos concellos que presentaron solicitude, con indicación dos motivos de denegación aos que non as obtiveron.

O reclamante manifesta que a súa solicitude referíase ao detalle dos concellos que non obtiveron unha axuda na referida convocatoria e os motivos de denegación de cada caso, e que na resposta se lle indican os concellos que si obtiveron a axuda e o esgotamento de crédito da mesma, sen aclarar se antes do esgotamento do crédito houbo concellos que pediron a axuda e non a obtiveron por non cumprir algún requisitos.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a contestación da referida Consellería á súa solicitude e copia do seu DNI.

**Segundo.** Con data 2 de outubro de 2018, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Consellería de Territorio, Medio Ambiente e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 10 de outubro de 2018. Con data do 27 de novembro de 2018, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o informe e copia do expediente solicitado. A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no seu informe, manifesta en síntese o seguinte:

A Orde do 25 de abril de 2018, que establece as bases reguladoras e convoca as subvencións de referencia, establece que a súa concesión tramitárase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, a súa solicitude se realizará obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado e as subvencións outorgaranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. O artigo 8 da orde especifica que será causa de denegación da concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada. Con data do 13 de xullo de 2018, publícase a Resolución referida ao esgotamento de crédito da Orde do 25 de abril de 2018, e con data do 20 de setembro de 2018, faise pública a relación de beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da devandita Orde.

Indica que ao amparo desta orde, presentáronse 236 solicitudes, das cales concedéronse 19, inadmitíronse por esgotamento de crédito 215, denegouse unha, por non presentar a solicitude a través da sede electrónica, e unha desiste da súa petición.

Na contestación dada ao solicitante, se fai referencia ao Diario Oficial de Galicia no que se fan públicas as axudas concedidas ao amparo da Orde de 25 de abril de 2018.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina jurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio contra a que se presenta a reclamación ten data do 27 de setembro de 2018 e o interesado presentou a súa reclamación coa mesma data (con entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 28 de setembro de 2018), polo que debemos considerar a reclamación presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O acceso á información regulado pola normativa estatal e autonómica en materia de transparencia, configura o dereito ao acceso á información pública como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información abrangue todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, non permite subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

É necesario lembrar que o obxectivo final da referida normativa é o escrutinio da acción pública, mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos, e desde esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

No presente caso, o reclamante solicitou información sobre o detalle dos concellos que non obtiveron unha axuda na convocatoria da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao amparo da Orde do 25 de abril de 2018, e os motivos de denegación de cada caso, información que, se ben foi remitida con data do 27 de novembro a esta Comisión, non se lle proporcionou ao solicitante, polo que procede a estimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

### ACORDA


**Único:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra resolución do 27 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pola que se lle concede acceso á información sobre as axudas concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao amparo da Orde de 25 de abril de 2018 para a creación ou mellora de infraestruturas (código de procedemento MT300A).

**Segundo:** Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
Milagros Otero Parga